


SUXERENCIAS PARA ADULTOS

Maldito karma

Autor: David Safier

Editorial: Seix Barral

Unha presentadora de televisión morre e reencárnase nunha formiga. Inicia un proceso de acumular bo karma para escalar na pirámide da evolución. Divertida novela sobre a importancia de valorar o que tes.



Mar de fuego

Autor: Chufo Lloréns

Editorial: Grijalvo

Este libro recrea unha época tumultuosa da Barcelona do Medievo sometida ás tensións da corte onde se maquina a sanguenta sucesión do conde Ramón Berenguer I. Namentres, o ilustre navieiro e posuidor dunha das maiores fortunas do condado, Martí Barbany, ten que facer fronte aos amores da súa filla moza por un nobre nunha época na que non estaba permitido saírse da clase social na que un nacera.



Indignádevos

Autor: Stéphane Hessel


Editorial: Kalandraka

O autor deste libro estase a covertir na conciencia da nosa sociedade. Con 93 anos de idade, xudeo, nacido en Alemaña e nacionalizado francés, insta á mocidade a non quedarse indiferente ante a inxustiza que estamos a vivir nestes tempos.



FELICES VACACIONES!!

Suxerencias para verán



**1º CICLO DE
EDUCACIÓN PRIMARIA**

E ti que farías por min?

Autor: Fina Casalderrey

Editorial: Xerais

Malta e Marqués viven na rúa. Cada vez cústalles máis atopar comida; hoxe só queda por buscar no vertedoiro. Marqués non se atreve a meter no lixo, pero faillle promesas a

Malta: Se fose bolboreta regalaríache... Se fose xílgaro contaríache... Se fose lúa... E Malta, que fai por Marqués?



O tigre que veu tomar o té

Autor: Judith Kerr

Editorial: Kalandraka

Divertido álbum onde o protagonista é un tigre tan famento que é quen de acabar con toda a despenza da familia que o convida a tomar o té.



A visita dos

domingos

Autor: Matteo Gubellino

Editorial: OQO Editorial

Este conto responde á ledicia dunha nena por poder compartir os domingos cun monstro moi simpático e cariñoso que a ela non lle provoca medo ningún, máis ben todo ao contrario. Claro que ao final entenderemos o porqué. Esta historia é un bo instrumento para axudar a superar os medos infantís.




O increíble neno devorador de libros

Autor: Oliver Jeffers

Editorial: Patas de peixe

A Henry encantábanlle os libros, pero non como a ti e a min, non ... A Henry encantáballe COMER libros!!!



Fonchito y la luna

Autor: Mario Vargas

Llosa

Editorial: Alfaguara

Con Fonchito un pode vivir a emoción do primeiro amor e seguir as aventuras do protagonista que demostra o que un é capaz de facer por un ser querido, incluso se o seu pedido é nada menos que a Lúa.



A princesa Sabela

Autor: Cornelia

Funke

Editorial: Xerais

Sabela é princesa, pero está farta de que llo dean todo

feito. Quere subir ás árbores e meter o dedo no nariz. Un día, decide guindar a súa coroa. O rei, como castigo, ordena que ela traballe na cociña de palacio. Que divertido!

